

# Queres ler connosco?



Bibliotecas Públicas  
Municipais

*Premio Nacional Maria Moliner 2011*





*«Ao final conservaremos só o que amemos,  
amaremos só o que entendamos,  
entenderemos só o que se nos ensine.»*

BABA DIOUM

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

- \* Biblioteca Central Rialeda. Perillo
- \* Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz
- \* Biblioteca Pública Municipal M<sup>a</sup> José Trincado. Mera
- \* Biblioteca Pública Municipal M<sup>a</sup> José Ruso. Dorneda
- \* Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós
- \* Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé
- \* Biblioteca Pública Municipal Federico García Lorca. Montrove
- \* Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros

Catálogo do fondo bibliográfico:  
<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog  
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>  
Síguenos en [twitter@bibloleiros](https://twitter.com/bibloleiros)

Páxina web municipal:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

### **Biblioteca Central Rialeda**

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel.: 981 639 511

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: [biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)

Depósito Legal: C 2368-2013





*Premio Nacional  
María Moliner  
2011*



Desde as bibliotecas municipais ofrecemos esta guía de lectura cunha selección de libros, películas e discos que temos nas nosas bibliotecas e que se poden levar en préstamo. Son obras de calidade literaria, artística ou científica que divirten, emocionan, fan pensar, provocan a reflexión ou achegan novos coñecementos. Trátase dunha escolma de publicacións de autoras e autores galegos, españois e internacionais, para diferentes idades, diversos gustos, intereses e preferencias. Boas historias e bos libros para ler, reflexionar, aprender, observar ou mirar, películas ou discos para gozar e compartir.

A clasificación que figura é:

## INFANTIL E XUVENIL

- Poesía e teatro
- Libros de coñecementos
- Banda deseñada
- DVD e CD
- Libros para nenas e nenos **menores de 6 anos**
- Libros para nenas e nenos **de 6 a 8 anos**
- " " " " " **de 8 a 10 anos**
- " " " " " **de 10 a 12 anos**
- " " " " " **de 12 a 14 anos**
- Libros para **maiores de 14 anos**
- Álbum ilustrado para compartir



## MOZAS/OS E ADULTAS/OS

- Banda deseñada
- Obras literarias
- Libros de coñecementos
- DVD
- CD

Desexamos que todas as persoas poidan atopar algunha obra que lles guste e que se lembren de que un libro, un CD e un DVD son tamén un bo agasallo.



## Acuario

María Canosa. Ilustracións Dani Padrón. Embora

*Os protagonistas son os peixes e outros habitantes dos fondos mariños. Marta, Xoán e demais amigos queren saber todo sobre ese mundo dos mares e océanos e achéganse ao acuario para coñecer a peixes, cetáceos e moluscos descritos coa rima musical da autora e imaxinados polos ollos coloristas do ilustrador, para conxuntar un diálogo creativo que se goza con sumo agrado.*

## ¡Brujas!

Carmen Gil. Ilustracións de Marina Seoane. Edimater

*Neste libro, bruxas e bruxos locen os seus modelíños de tea de araña na Pasarela Bruxeles, fan as súas pocións de baba de babosa... Actualidade e sentido do humor.*



## De los álamos el viento

Ramón García Mateos. Ilustracións de Fernando Vicente. Faktoría K de Libros

*Romances, nanas, cancións que lembran os xogos infantís, versos que nos trasladan a paisaxes de Castela, poemas que cantan ao amor, á soidade, cunhas ilustracións delicadas e suxestivas.*



## **Mamá**

Mariana Ruiz Johnson. *Kalandraka* Fervosa obra para todas as idades na que a autora quixo expresar a súa experiencia coa maternidade. VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado.



## **Patente de curso: (pequeno diccionario pirata)**

Rafa Vilar. Ilustracións de Gemma Capdevila. Embora Divertido libro de poemas estruturado en forma de diccionario no que cada entrada é un poema, sumando un total de trinta, no que se versan os «termos esenciais» do universo dos piratas: *abordaxe, bandeira, barco, botín, cofre, grumete, pata (de pau), etc.* Premio Arume de Poesía.

## **Rapoemas**

AID. Galaxia

*Aid, cantante e compositora de hip hop e música urbana, achéganos con este traballo aos clásicos galegos a ritmo de rap.*



## **O refugallo**

Paula Carballeira. Ilustracións de Dani Padrón. Agadic e Xerais Os catro protagonistas desta obra de teatro viven no refugallo, coas cousas que rexeitamos. Eles xogan a darlle unha segunda vida aos obxectos que nós consideramos vellos, porque as nenas e os nenos saben darlle valor a cousas que os adultos non vemos.





## LIBROS DE COÑECEMENTOS INFANTÍS E XUVENÍS



### *¡Arte contemporáneo?: guía para niños MoMA*

Jacky Klein e Suzy Klein. Nerea  
*Atractivo libro que non deixará de sorprendernos. A través da obra de 70 artistas entenderemos e gozaremos a arte dos nosos días: os materiais, as cores, os espazos... tamén breves biografías e curiosidades dos autores e autoras...*



### *Dinosaurios. 150 animais prehistóricos: de pequenos a grandes*

Roc Olivé. Baía


*Os afeccionados a estes animais prehistóricos non deben deixar de consultar esta estupenda obra e así poderán descubrir a gran variedade de tamaños que chegaron a adquirir.*

### *Está anoxado, señor Beethoven?*

Alberto Urcaray. GaliNova

*Unha sinxela e colorida biografía sobre o gran músico Beethoven. Moucho Gris explica a outros dous paxariños o motivo do enfado do compositor alemán da Sinfonía nº 9.*






## **Expedición microscopio: tras la pista de las cosas diminutas**

Gerald Bosch. Siruela

*Un mundo enorme ábrese tras a lente dun microscopio. Os/as apaixonados/as da ciencia teñen neste libro unha extraordinaria fonte de recursos e os/as afeccionados/as unha boa porta de entrada ao «universo do pequeno».*



## **Os gatos na lúa = The cats on the moon**

Jeanette Castelli. Ilustracións de Andrea Santana. Linteo

*Unha historia divertida en galego e inglés, para que os máis pequenos se familiaricen e reforcen a correspondencia dos dous idiomas.*

## **Iqbal Masih, lágrimas, sorpresas y coraje.**

Miguel Griot. Nautilus.

*Tremendo relato que amosa e realidade social do traballo infantil en Asia da man da vida dun pequeno heroe que cambiou moitos destinos.*

## **Inventario ilustrado dos mares**


Virginie Aladjidi. Ilustracións de Emmanuelle Tchoukriel. Kalandraka

*Todos os que queiran coñecer a rica biodiversidade mariña deben ler e mirar esta magnífica obra.*



## ***Isto é Nova York***

Miroslav Sasek. El Patito Editorial  
*Álbum ilustrado moi útil e didáctico por se queres coñecer algo de Nova York: a ponte de Brooklyn, o Yankee Stadium, o Empire State Building, Park Avenue, Broadway...*



## ***Menús para festas***

Ouvirmos

*Libro de cociña infantil con menús divertidos, fáciles e creativos para deixar abraiados os teus convidados.*

## ***Ocultos: animais extraordinarios***

Xulio Gutiérrez. Ilustracións de Nicolás Fernández. Faktoría K de Libros

*Espléndidas ilustracións acompañan a información científica sobre cada un dos doce animais que compoñen o volume: do rápido xaguar ao transformista polbo. Este libro está dedicado a exemplos de camuflaxe e mimetismo no reino animal.*



## ***Un paseo con el señor Gaudí***

Pau Estrada. Juventud

*Percorrido biográfico artístico pola vida e obra de Gaudí, un dos arquitectos máis influentes desde finais do século XIX. Ilustracións do mesmo autor que fan deste libro unha opción interesante, tanto para nenos/as como para adultos/as, no contido e na propia presentación estética. Recensión final moi completa sobre Gaudí.*





### ***La corona de cuernos. Bone***

Jeff Smith. Astiberri

*Serie sobre tres estraños seres expulsados de Boneville, cidade na que vivían e agora están no deserto. Conseguen chegar a un bosque no que coinciden cunha granxeira. Trama de sucesión constante de episodios novos e un debuxo magnífico, xunto con interesantes diálogos.*



### ***Están vivas!***

Fausto. Fundación Caixa Galicia

*Unha nova aventura da reporteira Simón Martel na que un alien se presenta no taller do escultor Lombardini e leva a súa última creación, deixándoo inconsciente. A estatua de Atlas do Concello móvese e cando a reporteira Simón a vai buscar ao museo, atácaa.*

## DVD E CD INFANTÍS E XUVENÍS



### *Cartas que veñen e van*

Susa Herrera e Mamá Cabra.  
Ilustracións de María Lires.  
Sonárbore

*Libro-disco no que figuran elefantes, osos polares, vacas... e outros animais con ganas de cantar que farán a leducia dos máis pequenos.*



### *La familia pirata*

Stéphane Bernasconi. Divisa Home Video

*O traballo dun pirata é moi divertido e estimulante, pero no caso do noso protagonista é ademais moi complicado porque ten que cumprir coas responsabilidades de cabeza da familia composta pola súa muller, os dous fillos, os sogros, os veciños, o seu crocodilo mascota, a mestra da escola...*



### *María Fumaça*

Ilustracións de P. Pastor. Galaxia  
*Libro-disco. Proxecto literario e musical que achega optimismo sobre a discapacidade na infancia. Ducias de artistas cantando a alegría de vivir.*





## ***A miña primeira Rosalía***

Edición de Xiana e Xosé Lastra.  
Xerais

*Libro-disco con interpretacións de María Manuela, Mini, Mero e Xiana Lastra como unha homenaxe a Rosalía de Castro cando se fan 150 anos da publicación de Cantares Gallegos.*

## ***Los Muppets***

James Bobin. Walt Disney Studios Home Entertainment.

*Walter, o maior fan de Los Muppets, descobre que un malvado empresario quere demoler o teatro das súas estrelas, para evitalo terán que volver a xuntalos e facer un novo espectáculo.*



## ***Pan de millo***

Migallas. Ilustracións de Dani Padrón. Kalandraka. Contén CD-audio

*Reúne 14 cancións infantís que, a partir do proceso de elaboración do pan de millo como fío condutor, e practicando o xogo e a diversión, recupera a memoria dos avós, e contribúe á transmisión da lingua galega.*



## ***A Terra Queima***

Lalo Carnota, música. Xurxo Souto, texto. Xerais

*Un libro-disco no que todas as linguaxes conflúen para construír unha historia que se le e se escoita, que sabe a terra e a mar e transmite a enerxía que agocha a natureza.*



## ***Toc Toc***

Pablo Díaz. Ilustracións de Nuria Díaz. Galaxia

*Libro-disco con cancións infantís sobre a defensa de natureza, a amizade e os valores humanos.*




## ***Xogos musicais***

Luís Prego. Ilustracións de María Iglesias. Do Cumio

*Libro-disco. Unha recompilación das cancións e dos recitados que utilizamos nos xogos tradicionais. Gustará a grandes e a pequenos.*





### **Atrapados**

Oliver Jeffers. Fondo de Cultura Económica

*Divertido álbum no que Floyd enreda a súa cometa nunha árbore. Tentar recuperala vai ser unha empresa imposible? Quizais coa axuda dun zapato, outro zapato, un gato, unha escaleira...*

### **Canto ruído!**

José Campanari. Ilustracións de Simona Mulazzani. OQO

*O noso protagonista quere durmir, pero os ruídos cotiáns non o deixan. Este breve relato incide na importancia de respectar as horas de sono dos máis pequenos, o que repercute no seu benestar e medre físico e emocional. A historia concédelle, sobre todo, un papel relevante ao sentido do oído para ir coñecendo cada día un pouco máis o mundo que nos rodea.*



### **Un día de nieve**

Ezra Jack Keats. Lata de Sal

*A colección Vintage da editora Lata de Sal presenta este delicado libro publicado por primeira vez en 1962. A sinxela historia dun cativo que xoga coa neve: o neno é o primeiro protagonista negro na historia do álbum ilustrado.*



## **Un día de pesca**


Béatrice Rodriguez. Libros del Zorro Rojo

*Hai amores pouco convencionais como o da galiña que sae a buscar alimento para o raposo que quedou na casa cuidando do ovo. Un libro de imaxes para mirar antes de saber ler.*

## **É hora de durmires, meu amor**

Eric Metazas. Ilustracións de Nancy Tillman. Linteo

*Cae a noite e os animais prepáranse para o descanso. Todas as criaturas arrolan o que máis queren, aos seus pequenos e pequenas, desexándolle felices soños.*



## **Un elefante se balanceaba**

Marianne Dubuc. Edelvives

*Un elefante balanceábase sobre a tea dunha araña e como o pasaba tan ben foi chamando os seus amigos, un a un, ata que a araña se enfadou e cortou a tea.*

## **Un loro en mi granja**

Pep Bruno. Ilustracións de Lucie Müllerová. Edelvives


*Un loro é o protagonista principal desta historia que se desenvolve nunha granxa. Unha suma de pequenas historias que remiten a unha máis grande. Premiado polas fermosas ilustracións.*



## Lucas e oso

José Campanari. Ilustracións de Kristina Andrés. OQO

*Lucas e oso todas as noites teñen problema coa humidade, é que viven demasiadas aventuras. Un conto para tratar os problemas urinarios nocturnos.*



## Nidos

Pepe Márquez. Ilustracións de Natalia Colombo. Kalandraka

*Polas súas plumas multicolores, a súa forma estilizada e a súa envexable capacidade para voar, os paxaros espertan a curiosidade infantil.*

## Non fai falta a voz

Armando Quintero. Ilustracións de Marco Somá. OQO

*Lindo álbum que nos mostra a necesidade do afecto para o desenvolvemento emocional dos nenos e nenas.*

## Renato

Antonio Hidalgo. Kalandraka

*Renatoponse triste porque a súa cornamenta se enreda nas árbores do bosque e outros animais fanlle burla.*



## Se eu fose un gato

Paloma Sánchez Ibarzábal. Ilustracións de Anna Llenas. OQO

*Que me gustaría se fose un gato? Pois cousas de gatos, claro..., pero aínda que non son un felino non todos/as temos os mesmos gustos...*

## *A terra acatarrouse*

Roxane Marie Galliez. Ilustracións de Sandrine Lhomme. Tradución Marica Campo. Baía

*A terra acatarrouse porque os humanos non sempre se portaron ben coa natureza.*

## *A urna dos desexos*

Paloma Rodríguez e Cristina Justo. Ilustracións de Spela Trobec. Embora.


*Clara explica de forma sinxela en que consiste a democracia e como transcórreren unhas eleccións para decidir quen vai gobernar.*



### *Barnie*

Sonja Bougaeva. Ilustracións de Sonja Bougaeva. Takatuka

*Barnie é un can simpático moi controlado polo seu dono. Durante a fin de semana quere xogar con outros cans, ir detrás das pombas ou cruzar a rúa pero o dono non o deixa. Mentres o home amaña o seu coche, Barnie toma unha decisión que mudará a súa vida. Libro con ilustracións de gran calidade.*




### *Un bicho raro*

Paz Rodero e José Morán. Ilustracións de Emilio Urberuaga. Edelvives  
*Catacrac! caeu do ceo un ovo enorme e del saíu un bicho raro.*

### *Cando sexades pequenos: contos para contarlles aos maiores antes de durmir*

Uxue Alberdi e Aitziber Akerreta. Kalandraka

*Invertendo a orde natural, son os nenos os que anuncian aos vellos o que lles agardaría se volverán á nenez: gozar das pequenas cousas sen convencións nin prexuízos.*



## **A coelliña Marcela**

Esther Tusquets. Ilustracións de María Hergueta. Kalandraka  
*Delicioso conto sobre a igualdade. Un texto sobre a tolerancia e a xustiza social nas comunidades dos coellos que ben poden traspasarse á humana. Unha fábula moderna onde todo o mundo cabe e a mestizaxe é a solución perfecta. Ilustracións moi realistas, destacando a cor amarela. Esta cor é utilizada para xogar coa uniformidade das diferenzas.*

## **Croc croc en la escuela de los esqueletitos**

Stéphane Levallois. Libros del Zorro Rojo  
*Esta é a historia de Croc Croc, un esqueletiño que o pasa mal por ser distinto. Un conto sobre as diferenzas.*

## **De profesión inventor**

Kike Gómez. Ilustracións de Irene Sanjuán. Bululú  
*Martiño é unha mente incomprendida no seu pobo. Os seus inventos non acadan o recoñecemento público. Xunto ao seu amigo Tomás conseguirá a gratitude dos seus veciños/as.*



## **Dentro de mí**

Ana Tortosa. Ilustracións de Mónica Gutiérrez Serna. Thule  
*Precioso xogo coa cor das ilustracións: brancos e negros contrastan con delicadas notas de cor: son bolboretas que hai dentro de cada un/unha de nós...*



## *As dúas casas de Alicia*

Christelle Vallat. Martina Peluso.  
Tradución de Marica Campo. Baía  
*Os pais de Alicia sepáranse e a nena terá  
que adaptarse a esta nova situación.*



## *Ese otro*

Rosa Osuna. Thule

*A nena chamada «Yo» protagoniza este  
conto, ilustrado con personaxes en  
plastilina. «Yo» rexeita xogar e relacio-  
narse cos demais, ata que comproba o  
ben que se pasa facendo cousas diverti-  
das con outras nenas e nenos.*

## *Fantástica Chloe*

Kelly Dipucchio. Ilustracións de  
Heather Ross. Bruño

*Quizais os videoxogos non sexan o pun-  
to forte de Cloe, pero cortar, coser,  
deseñar, pegar, pintar... é outro tema.  
Cloe é unha auténtica ARTISTA.*

## *Hay un cocodrilo debajo de mi cama*

Escrito e ilustrado por Mercer  
Mayer. Corimbo

*Un fermoso e simpático álbum, cunhas  
magníficas ilustracións, que nos fala dos  
medos infantís á escuridade, dos temo-  
res que moitos nenos e nenas teñen á  
hora de ir a deitarse. O protagonista  
sabía que había un crocodilo debaixo da  
cama, seu pai e súa nai nunca o viran,  
pero el estaba seguro de que estaba alí.  
Como non lle crían, decidiu inventar  
unha estratexia para conseguir que o  
crocodilo marchara para outro lugar...*

### **León de biblioteca**

Michelle Knudsen. Ilustracións de Kevin Hawkes. Ekaré

*Había unha vez un león ao que lle encantaba ir á biblioteca, escoitar contos e gardar as regras de comportamento sempre que non houboese unha boa razón para rompelas.*



### **Nicomedes o pelado**

Pinto & Chinto. Kalandraka

*A causa da súa alopecia, Nicomedes proba con distintas solucións. O seu gato acabará por axudalo a atopar a máis práctica. Libro divertido que fomenta a autoestima.*

### **Nublado con probabilidades de albóndigas**

Judi Barrett. Ilustracións de Ron Barrett. Corimbo

*No pobo de Tragaycome a meteoroloxía é moi especial, as precipitacións son en forma de comida, todo vai ben ata que o tempo troca.*

### **As palabras do silencio**

Ánxela Gracián. Ilustracións de Dani Padrón. Xerais

*Recreación dunha lenda da noite de San Valentín chinesa, na que o Home das Vacas e a Princesa Tecedora se atopan para a súa cita anual sobre a ponte das Rulas Ruladoras.*



### *La pregunta del elefante*

Leen Van Den Berg. Ilustrado por Kaatje Vermeire. Bárbara Fiore Editora

*Como cada ano, todos soben ao alto do outeiro, pero, debido a que a tartaruga está enferma, a formiga é a que vai dirixir a reunión. O elefante ten unha pregunta. Como se pode saber se se quere a alguén?*

*Fermoso álbum ilustrado que nos achega ao sentimento do amor, cunhas delicadas imaxes realizadas en tons suaves.*

### *¿Puede pasarle a cualquiera?*

Mar Pavón. Ilustracions de Sonja Wimmer. Cuento de luz

*Balzo vai de compras coa súa nai, para non aburrirse inventa un xogo, pero xogando, xogando fai unha desfeita. Pode pasarlle a calquera, a grandes e a pequenos/as.*

### *La reina de las ranas no puede mojarse los pies*

Davide Cali; ilustracións de Marco Somá. Libros del Zorro Rojo

*Divertida historia na que nos conta como unha ra se converte de súpeto na raíña do estanque polo simple feito de atopar unha coroa. A ensinanza do conto reside en que non por ser a máis popular e a máis importante do grupo vas ser a máis feliz e a máis libre.*



## Troco

Roberto Castro. Ilustracións de Margherita Micheli. OQO

*Á ovella Catarina rómpelle a súa cadeira de lectura e como non lle ve arranxo trata de facerse cunha nova, pero decatarase deseguida de que o asunto non será doado porque, sen dúbida, unha cadeira de lectura como a súa non é fácil de substituír.*




## Valentino

Luisa Morandeira. Ilustracións de Renata Gallio. OQO

*Valentino non fai honra ao seu nome. Seu pai, o rei, quere deixar á fronte do reino un herdeiro batallador e con coraxe, mais o príncipe adora os libros, a cociña e a música.*





### **Abrazos**

Jimmy Liao. Barbara Fiore

*Un inesperado día cae na cabeza dun león un curioso libro de... abrazos. Cálidas apertas de animais e humanos que el tiña esquecido. Espléndida obra con póster despregable incluído.*



### **Los bichos bola**

Luisa Fontán Bos. Cuatro azules

*Cando es pequeno un sinxelo paseo polo monte pode acabar sendo algo extraordinario.*

### **Blancanieves**

Jacob & Wilhelm Grimm. Ilustracións de Benjamin Lacombe. Edelvives

*As ilustracións de Benjamín Lacombe son o que fan diferente este conto tradicional dos Irmáns Grimm. Atopamos unha Brancaneves fermosa, fráxil, delicada e doce acompañada dunhas ilustracións onde predominan os tons fríos que contrastan co vermello da mazá envelenada e os labios da Brancaneves.*

*Álbum ilustrado que de seguro será un pracer, tanto a lectura como a contemplación das imaxes, non só para os nenos e nenas senón tamén para os maiores.*

## **Brujas y hechizos**

Benjamín Lacombe. Edelvives

«Este libro está maldito. Si por error ha llegado a tu poder...» así comeza esta obra de meigas e meigallos. Ten coidado porque é un libro máxico que ten a súa propia historia e se te atreveses a alterala...



## **Contos como pulgas**

Beatriz Osés. Ilustracións de Miguel Ángel Díez. Kalandraka Editora

Pequenos relatos cheos de enxeño e de fantasía protagonizados por simpáticos animais, divididos en catro seccións: de auga, de ceo, de terra e de noite, cunhas fermosas ilustracións. Premio Lazarillo de creación literaria 2006.

## **A estrela de Oriente: unha historia dos Reis Magos**

Pemón Bouzas. Ilustracións de Marcos Calo. Xerais

Os Magos de Oriente, un dos grandes mitos da nosa cultura, nun conto que, xunto á grande peripecia da viaxe tras da estrela, afloran as relacións entre culturas e a solidariedade.



## **El hombre que abrazaba a los árboles**

Ignacio Saenz. Ilustracións de Ester García. Edelvives.

Marcial é un vello leñador amante da natureza e transmitiralle á pequena Felicidad ese amor polos animais e as árbores. Premio Ala Delta de Literatura Infantil 2013.



## **Jack e a morte**

Texto de Tim Bowley. Ilustracións de Natalie Pudalov. OQO

*A nai de Jack está a punto de morrer cando este se atopa coa morte que lle pregunta por onde se vai a súa casa, así que se logra que non chegue... súa nai salvarase.*



## **O libro dos Reis Magos**

VVAA. Ilustracións de Marina Seoane. Xunta de Galicia

*26 autoras realizan fermosos textos, que levan o fantástico adobío das ilustracións de Marina Seoane, relacionados coa noite máis emocionante do ano para os nenos e nenas e os que non o son tanto... Noite de soños, ilusións e doces esperanzas.*



## **Lilus Kikus**

Elena Poniatowska. Ilustracións de Santy Gutiérrez. Trifolium

*A recién galardoada co Premio Cervantes 2013 escribiu este libro en 1954. Lilus é unha nena que fai preguntas, que investiga, que pensa e fai trasnadas...*

## **Luces en el Canal**

David Fernández Sifre. SM

*Un neno con problemas nunha perna atopa unha barca nos canais de Ámsterdam e intrigado por unhas estrañas luces comezará a investigar sobre o seu dono. Premio Barco de Vapor 2013.*

## ***Magdalenas con problemas***

Ana Bergua Vilalta. Ilustracións de Carme Sala Villaplana. Proteus  
*Historia de Pablo, un rapaz que sofre acoso escolar (bullying) e non sabe como afrontalo.*

## ***Plof. Historia dun globo***

Manuel González Fernández de Tejada. Ilustracións de Xoana Álvarez Martín. Contos Estraños Editora.

*Plof, un globo de goma que vive nunha escola está aburrido por non poder saír. Dúas nenas, Lúa e Xoana, vanlle axudar a coñecer mundo.*

## ***O raposo e a mestra***

Manuel O'Rivas. Ilustracións de Jacobo Fernández Serrano. Xerais  
*Un raposo que sabe de todo e que tamén lle ensina á nova mestra que vai en bicicleta. Excelente obra que achega os nenos e nenas á natureza.*

## ***Te quiero un montón***

Alain Serres. Ilustracións de Olivier Tallec. Edelvives  
*«Te quiero un montón» é a declaración de amor dun neno a unha nena da que está namorado.*



### *Antes de medianoche*

Ana Alonso. Ilustracións de Pedro Bascón. Anaya

*Raúl e outros compañeiros son invitados ao aniversario de Emma, pero cando chegan atópanse cunha inquietante sorpresa: a festa celébrase nun xardín encantado.*



### *Cuentos de amor alrededor del mundo*

Muriel Bloch. Ilustracións de Chloé Poizat. Kókinos

*Contos de Afganistán, Mongolia, Kabilia, etc. que narran distintos tipos de amor, a forza máis poderosa que fai xirar o mecanismo da humanidade.*

*O libro está acompañado dun CD coa narración dos contos.*

### *Diario de Nikki 2. Cuando no eres la reina de la fiesta precisamente*

Rachel Renée Russell. RBA

*Nikki comprometeuse a coidar da súa irmá pequena na celebración de Halloween, pero quere asistir á festa á que Brandon a invitou. Vai ter que facer malabarismos para poder asistir ás dúas festas.*

## *La maravillosa historia de Carapuntada: una criatura casi humana*

Guy Bass. Ilustracións de Pete Williamson. Molino

*Erasmus, o fillo do doutor Frankenstein, xoga a imitar o seu pai e con pedaciños que atopa aquí e alá crea unha nova criatura, Carapuntada. Esta é a súa historia, as súas aventuras, cheas de monstros, experimentos, castelos, repugnancias, diversión, terror e amizade.*

## *Os Megatoxos e os templarios da luz*

Anxo Fariña. Xerais

*Terceira entrega dos catro rapaces destinados a vivir aventuras increíbles, desde que un accidente os convertera en mutantes. Ninfa, Lúa, Ruxe e Faísca viaxan desta volta aos Pirineos, e ao pasado, ao París da Revolución Industrial.*



## *Musgo*

David Cirici. Edebé.

*Molsa, que significa Musgo en catalán, é o nome dun can que busca os seus donos, despois de que a casa na que vivían fose destruída cunha bomba. Fálanos da inxustiza das guerras e as súas consecuencias. Premio Edebé de Literatura Infantil 2013*



## **La niña de la maleta**

Jacqueline Wilson. Almadraba  
*Andrea ten que facer a maleta cada semana porque os seus pais están divorciados e ela non se decide por ningún dos dous, é tan complicado!...*

## **Smerling: en la tela de la araña**

Lola Gándara. Ilustracións de Anthony Garner. Edebé  
*Se queres un libro de aventuras e misterio, este é o teu título. Catro amigos, Bernar, Sara, Aline e Tomás vense no medio dun lugar descoñecido no que son controlados por escuras forzas...*



## **Una tropa de hermanos**

Blanca Álvarez. Ilustracións de Marina Seoane. Planeta & Oxford  
*Jacobo ten que aceptar á súa nova irmá, Yérmone, que seus pais acaban de adoptar e aprender a compartir os seus país. A verdadeira historia da mosca da tele María Solar. Ilustracións de Ana Francisco e Jorge Vázquez. Galaxia  
Relato divertido protagonizado por unha mosca común que anda nos estudos da televisión molestando a presentadores e convidados/as.*





## *A voz dos soños e outros contos prodixiosos*

Hugh Lupton. Vicens Vives  
*Sete contos de sete países diferentes, sete historias que nos suxiren que confiar nos soños non sempre é desacertado.*

## *Yo aquí solo soy el perro*

Jutta Richter. Ilustracións de Hildegard Müller. Lóguez  
*Que acontecería se un can acostumado a coidar ovellas, pasa a formar parte dunha familia? Neste libro terás a versión do can. Premiado polo Banco del Libro como mellor libro infantil e xuvenil de 2013.*





### ***O alento nas costas***

Natalia Carou Figueira. Baía  
*Hai algo da autora nesta obra construída ao redor dunha lenda sobre unha aldea abandonada da parroquia de Leiro, en Rianxo, da que Natalia levaba oíndo falar desde cativa. O propio Castelao escribiu sobre esa vila en Cousas. A realidade mestúrase co mundo dos soños, que dalgún xeito, chegan a encontrarse.*

### ***El anticlub***

Ángel Blanch. Ilustracións de Ignasi Blanch. La Galera  
*Un grupo de nove compañeiros de clase xúntase para formar un club. A súa intención é loitar contra as inxustizas. Estas «accións anti» úneos máis que ningunha outra cousa.*

### ***O Castañeiro de Abril***

Antonio Manuel Fraga. Ilustracións de Antonio Seijas. Xerais  
*Baltasar é un neno cego e orfo de nai, que vive cunhas tías, e que, co desexo de reunirse co seu pai, vende na praza dos Zoqueiros bailarinas e soldadiños de madeira feitos por el mesmo, ata que un día se atopa con Abril... Premio Merlín de Literatura Infantil 2013.*

## **El clan de Atapuerca: la maldición del Hombre Jaguar**

Álvaro Bermejo. Anaya

*Desde os xacementos de Atapuerca atraparanos esta narración do que lle acontece a catro adolescentes xunto co misterioso talismán de ollos de lume.*



## **Crónicas de la Atlántida**

Joaquín Londáiz Montiel. Montena  
*Esta emocionante historia fálanos do mítico continente perdido, en realidade oculto á mirada do mundo desde hai miles de anos. Mais, aquel reino máxico e avanzado está en perigo. Tres mozos procedentes de tres lugares do mundo atoparán tres entradas que os levarán á súa grande aventura. Serán quen de enfrentarse aos enigmas que os agardan?*



## **As crónicas de Landereina. Bágoa de Lúa**

Sabela González. Galaxia

*Se non se consegue destruír á poderosa Pedra de Lúa, poderase repetir a historia na que Landereina sufriu baixo a opresión...*

## **O neno can**

Fina Casalderrey e Francisco Castro. Ilustracións de Patricia Castelao. Galaxia

*Libro de relatos sobre nenos e nenas coma os demais, pero aos que se lles nega o dereito ao máis básico. Os textos que abren cada conto son adaptacións de artigos da Convención dos Dereitos da Infancia. Un magnífico libro para ler, gozar e sobre todo reflexionar.*



## ***A pantasma da casa da Matanza***

Miro Villar. Ilustracións de Xosé Cobas. Biblos

*Historia dunha vagabunda «Negra sombra» á que lle gusta moito ler e un día chega á casa da Matanza, onde se vai deixar cativar polas fermosas poesías de Rosalía de Castro.*



## ***Sherlock Holmes anotado (volume I)***

Arthur Conan Doyle. Tradución de Bieito Iglesias e Manuel Vázquez. Ilustracións de Xesús Fraga. Morgante

*Recomendamos nesta guía o primeiro de dous excelentes volumes coas catro novelas e os 56 contos dos inquilinos da rúa máis coñecida da literatura, o 221B de Baker Street. Sherlock Holmes e Watson son tratados nesta obra con esmero e rigor.*

*Esta edición achéganos unha preciosa información sobre os personaxes e o Londres da época.*



## ***Las zapatillas de ballet***

Noel Streatfeild. Salamandra  
*Tres nenas orfas «acollidas» por un estafalario paleontólogo, catívannos coa súa extraordinaria personalidade, sensibilidade e ganas de superar as dificultades. Pauline, Petrova e Posy protagonizan un auténtico clásico da literatura xuvenil inglesa.*

## LIBROS PARA MAIORES DE 14 ANOS



### *A punta de pistola*

Fran Alonso. Xerais

*O Varas, delinciente de pouca monta, e a súa muller Rica, acoden a un Centro de Acollida Familiar para ver os seus fillos, cando chegan lévanos con eles a punta de pistola.*



### *Bajo la misma estrella*

John Green. Nube de tinta

*Un relato que trata con humor e ironía o cara a cara de dous adolescentes cunha grave enfermidade, e a convivencia diaria coas súas familias e amigos, sen esquecer a súa mutua paixón común pola literatura.*



### *Cazadores de sombras 5: La ciudad de las almas perdidas*

Cassandra Clare. Destino

*Quinta entrega da exitosa saga de Cazadores de sombras, unha fantasía urbana na que se dan cita vampiros, demos, fadas, homes-lobo... e como non, un apaixonado romance e moita, moita acción.*

### *Cómo empezó mi vida prestada*

Jenny Valentine. Alfaguara

*Cando Chap decide facerse pasar por Cassiel Roadnight, co que garda un extraordinario parecido físico, non sospeita o que lle vai vir enriba.*





## *Eu, pel*

Teresa González Costa. Xerais  
*A autora crea un mundo chamado Meridiana, gobernado por un home que oculta o seu rostro que se fai chamar o «Innominal». A coprotagonista, Niki, é unha rapaza que goza dunha extraordinaria sensibilidade e podería descubrir as verdadeiras intencións daquel a quen moitos chaman «Benfeitor».*

## *Flor de area*

Manuel Lourenzo González. Xerais  
*Historia dunha moza iraquí que se atreveu a rachar coa tradición, nun país en guerra e baixo a dominación estranxeira.*

## *A illa de todas as illas*

Xabier P. Docampo. Ilustracións de Xosé Cobas. Xerais  
*Espléndida obra que narra a aventura de tres rapaces, nunha illa deserta que todos coñecen polo nome de Navalleira, xunto cunhas excelentes ilustracións.*

## *Loba*

Verónica Murguía. SM.  
*Obra de xénero fantástico que narra o que acontece en Moriana (gobernada con man de ferro polo rei Lobo), país que basea a súa prosperidade na escravitude e na guerra. O rei angustiado por unha maldición, segundo a cal nunca poderá ter un fillo, desatende ás súas fillas..., pero, o destino deste reino quedará en mans dunha delas. Premio Gran Angular 2013.*

## **Maravillas: una novela contada con dibujos y palabras**

Brian Selznick. SM

Dúas historias: a de Ben e a de Rose, que parecen evolucionar de forma independente. A del, contada enteiramente con palabras, a dela nárrese con debuxos. O libro avanza e as dúas historias se entretecen ata xuntárense nunha soa, nun relato que fala da amizade, da vida...



## **Mi padre es mujer de la limpieza**

Saphia Azzeddine. Demipage

Deliciosa historia na que destacan numerosas e divertidas anécdotas nunha linguaxe única e atrevida que contrastan coa realidade da vida da periferia parisiense, os problemas da inmigración e a integración de diversas culturas vistas a través dos ollos dun adolescente chamado Polo.



## **O país adormentado**

Xabier P. Docampo. Xerais

Os habitantes do país de Glearim recibiron o don de non morrer mentres dormen. Será posible liberar o país da pasividade que fixo da bendición de non morrer a maldición de non vivir?



## *Sin vuelta atrás*

Jordi Sierra i Fabra. SM

*Nesta historia Sierra i Fabra trata o tema do acoso nos institutos, ensinándonos que a liña que separa a culpables de inocentes é case sempre imperceptible.*

## *Sinsajo*

Suzanne Collins. Molino

*Supervivente das dúas últimas edicións dos “Xogos da Fame”, a Katniss Everdeen tócalle agora liderar o movemento revolucionario dos diferentes distritos de Panem contra a cruel tiranía do Capitolio.*

## *Tesa*

Pilar Molina. Edebé

*Tesa mudouse temporalmente á casa onde vive a súa avoa e a bisavoa, un céntrico piso de Madrid, pero desde o principio escoita, de noite, estraños ruídos que a asustan. Premio Edebé de Literatura Xuvenil 2013.*



## *Todos somos*

Marcos Calveiro. Xerais

*A novela descansa nun feito, por desgraza real: a desaparición dunha nena nunha cidade galega. Isto altera completamente a actividade da vila e condiciona a vida dos seus habitantes. Pon en cuestión moitas conviccións.*





# ÁLBUM ILUSTRADO PARA COMPARTIR



## 100% ilustración


Coordinador David Pintor. Bululú  
*Un catálogo que recolle os cen mellores  
ilustradores/as do momento.*

## Catálogo de besos

Raquel Díaz Reguera. Thule  
*Aparecen catalogados 27 tipos diferen-  
tes de bicos, coa súa descrición científica  
e unha pequena historia de como foi  
a súa recollida.*

## Guía del viajero

Jessica Lehrer, Rick Lightstone e  
Alice Murray. Thule  
*Pon en coñecemento do viaxeiro os  
perigos, sorpresas ou inconvenientes de  
todo tipo que atopará en canto se poña  
en marcha, logo non poderá dicir que  
non foi avisado. Para viaxeiros/as con  
sentido do humor.*



## El hombre que quiso conocer a la Luna

Elena Hormiga. Edelvives  
*I Premio Internacional Álbum Ilustra-  
do Edelvives. Unha historia baseada  
nunha lenda maorí sobre a busca da  
verdade.*



### **El libro de los secretos**

Sophie Benini Pietromarchi e Livia Signorini. Thule

*O segredo deste libro está desexando deixar de selo pero non atopa o destinatario axeitado.*

### **La niña de rojo**

Roberto Innocenti. Kalandraka

*Unha nova versión da Carapuchiña Vermella. Esta vez a inocente nena móvese por unha gran cidade chea de perigos.*



### **Palabras**

Xaquín Marín e Gabriel Tizón. Bululú

*15 Palabras, 15 conceptos: Amor, Capitalismo, Cultura, Emigración, Guerra e paz, Humor, Idea, Igualdade, Misterio, Relixión, Saúde, Terra, Traballo, Xustiza, escollidas e interpretadas de distintas formas polos xeniais debuxos de Xaquín Marín e as fotografías de Gabriel Tizón para definir por medio da imaxe palabras claves da nosa sociedade. Imaxes que axudan a pensar e reflexionar.*

### **El pirata y el boticario**

Robert Louis Stevenson. Ilustracións de Henning Wagenbreth. Libros del Zorro Rojo


*Esta historia dun pirata sanguinario e un astuto boticario está repleta de humor negro, tanto no texto de Stevenson como nas ilustracións de Wagenbreth.*

## **Seísmos:**

### ***cuentos de seis palabras***

Javier Puche. Thule

*38 enxeñosos microrrelatos cargados de humor e ironía que como os sismos sacoden violentamente.*



### ***Soy Feliz no me preocupo***

Jimmy Liao. Bárbara Fiore Editora


*Con delicadeza e poesía este escritor e ilustrador taiwanés fálanos neste libro dos medos e preocupacións, tristezas e angustias, de emocións e sentimentos a base de color e ilustracións cheas de maxia.*





### **Agencia de viajes Lemming**

José Carlos Fernandes. Astiberri  
*Pensada no primeiro momento como tira cómica para o xornal portugués Diário de Notícias. Un percorrido imaxinario por inverosímiles (ou no tanto) destinos turísticos, aqueles que non ofrecen as operadoras de viaxes ao uso.*



### **Ardalén**

Texto e ilustracións de Miguelanxo Prado. El Patito Editorial

*Sabela intenta reconstruír a historia do seu avó, desaparecido hai décadas, coa axuda de Fidel, un vello coa memoria en anacos. Magnífica obra que mestura realidade e soño, e pola cal o autor foi galardoado co Premio Nacional de Cómic 2013 e Mellor obra de autor español no Salón do Cómic de Barcelona.*

### **A conta atrás (vol.1)**

Guión de Carlos Portela. Ilustracións de Sergi San Julián. Faktoría K de Libros


*Poucos días despois de coñecerse a controvertida sentenza polo caso da catástrofe ambiental provocada polo Prestige, este volume de cómic cobra actualidade. A conta atrás reflicte a vida dos/das protagonistas do cómic antes do naufraxio, unha orixinal viaxe en sentido inverso: arranca un ano despois da marea negra.*

## **Magasin Général**

Loisel e Tripp. Norma. (3 volumes)  
*Unha historia ambientada no Quebec rural nos anos posteriores á I Guerra Mundial. Acontecementos da vida diaria, novidades no pobo, afectos e liortas, todo visto cuns magníficos debuxos e uns textos moi logrados.*

## **Palestina: en la Franja de Gaza**

Joe Sacco. Planeta de Agostini  
*Cun estilo a medio camiño entre o traballo de campo, o relato de viaxes e a crónica periodística, Joe Sacco cóntanos as experiencias que viviu durante uns meses nos territorios ocupados.*



## **Paul va de pesca**

Michel Rabagliati. Astiberri  
*Trazo clásico e liña clara para contar unhas simples vacacións de pesca a carón do lago. Este cómic non é só iso, (a amizade e o amor constrúen o cerne da historia), é a vida, que se compón de cousas grandes e pequenas.*

## **Quai d'Orsay: crónicas diplomáticas**

Lanzac & Blain. Norma  
*Un político novo da esquerda francesa intenta rematar a súa tese cando é contratado como asesor do ministro de Exteriores. Banda deseñada definida por Le Monde como «delirante, grandilocuente e megalómana». Excelente humor xunto a un debuxo soberbio que acompañan a un texto de primeira calidade.*



### **Trazo de Xiz**

Miguelanxo Prado. El Patito Editorial. *Reedición dunha das máis brillantes creacións da banda deseñada da década dos noventa, recoñecida cunha longa listaxe de premios a nivel nacional e internacional. Unha historia que fala de illamento e incomunicación, de persoaxes desorientados que buscan un rumbo... Imprescindible. Miguelanxo Prado é recente Premio Nacional de Cómico 2013 pola súa obra Ardalén.*



### **Tunéame el almuerzo**

Jerry Scott y Jim Borgman. Norma. *Volume 10 da serie de humor da vida cotiá Zits.*

### *Acordes náufragos*

Antón Riveiro Coello. Galaxia


*Libro de relatos no que destaca a temática de naufraxios, a soidade e o amor. Algúns son produto da imaxinación do autor e outros recrean feitos históricos.*

### *Ámote Leo A.:*

#### *Destino Xalundes*

Rosa Aneiros. Xerais

*Leo quiere coñecer mundo e, despois de que os seus amigos se botaran atrás, ela decide marchar: O Cairo e Istambul serán as primeiras paradas desta apaixonante viaxe, pero nos lugares máis insospeitados aparece unha enigmática pintada «Ámote Leo A.».*



### *Antología poética*


Antonio Cisneros. Fondo de Cultura Económica

*Antoloxía da obra do poeta peruano da chamada «Generación del 60».*

### *O anxo de Eva*

Marina Mayoral. Xerais

*Eva é unha adolescente que está empezando a espertar á vida adulta e comparte as súas inquedanzas e vivencias cun anxo.*





## *La bibliotecaria de Auschwitz*

Antonio G. Iturbe. Planeta

*Trata sobre a extrema dureza e o horror da vida nun campo de concentración nazi e a escola clandestina que formaron como maneira de escapar da realidade.*

*Inspirada na historia real de Dita Polachova, unha adolescente checa de 14 anos, que foi levada, xunto coa súa familia, a un campo de concentración e que se converte na bibliotecaria que custodiaba os libros nun lugar onde estaban prohibidos.*

*Está moi ben documentada, a súa lectura ás veces estremece, pero ao mesmo tempo podemos ver como nun lugar onde impera a brutalidade e a inxustiza, a través dos libros e por uns momentos, os nenos e nenas que asisten a esa escola poden escaparse da realidade e facer voar a súa imaxinación.*

## *El buen hijo*

Ángeles González-Sinde. Planeta

*Con 37 anos Vicente aínda vive coa súa nai coa que tamén comparte o negocio. Buscando un cambio na súa vida acaba por meterse nunha relación amorosa complicada. Esta novela con grandes doses de humor foi finalista do Premio Planeta 2013.*



## Cadeas

Xabier López López. Xerais  
*Unha obra, escrita con ironía e humor, chea de personaxes ben construídos e formada por moitos relatos diferentes, nunha historia de historias. A novela comeza cando un escritor ve, na praia, unha moza lendo un libro seu... Premio Xerais de Novela 2013.*



## Capital

John Lanchester. Anagrama  
*Radiografía do Londres contemporáneo a través das persoas que visitan unha rúa de clase acomodada. Executivos, albaneis, coidadoras, xubilados, artistas, etc. conforman esta viaxe sociolóxica no comezo da crise.*

## Capricho

Almudena de Arteaga. Planeta  
*Novela histórica protagonizada por María Josefa Alonso-Pimentel (1750-1834) condesa-duquesa de Benavente por herdanza familiar e duquesa de Osuna por matrimonio, dona dunha finca, nome que da título ao libro. Intervenien na trama outras nobres damas e aparece Francisco de Goya, o xenial artista aragonés que realizou magníficos retratos da nobreza da época.*





## *El cielo ha vuelto*

Clara Sánchez. Planeta

*Explica a historia dunha exitosa modelo de pasarela que descobre que a revelación que lle fixo unha vidente tempo atrás estase a converter nunha realidade, que alguén desexa a súa morte e estalle facendo a vida imposible.*

Premio Planeta 2013.

## *La ciudad de Los Ángeles o el abrigo de Dr. Freud*

Christa Wolf. Alianza

*Christa Wolf, a escritora máis coñecida da Alemaña oriental, trasládase a Los Ángeles despois da caída do muro para unha estancia duns meses. Seguindo a pegada de Bertolt Brecht, Thomas Mann, Arnold Schönberg e Theodor Adorno, entre outros, Wolf reflexiona sobre o modo de vida americano e o acontecido nas dúas Alemañas das catro últimas décadas. Unha mestura entre a creación e o xénero de memorias que produce un libro distinto e á vez de total actualidade.*



## *Claus y Lucas*

Agota Kristof. El Aleph

*Tres relatos duros: unha fábula sobre a moralidade da infancia e o mundo adulto en condicións extremas onde o único que importa é a supervivencia cotiá. A triloxía que compón «Claus e Lucas», editada nun único volume pola editorial O Aleph é un exemplo de prosa seca, descarnada e libre de prexuízos estéticos e morais.*

## ***El club de lectura del final de tu vida***

Will Schwalbe. RBA Integral

*Will e a súa nai Mary Anne, enferma de gravidade, comparten as súas esperanzas e inquietudes a través da literatura, ao ler, non son unha persoa doente e unha persoa sa, senón unha nai e un fillo que emprenden unha aventura.*



## ***O corazón da Branca de Neve***

Francisco Castro. Galaxia

*Novela policial sobre as bandas criminais que fan negocio cos seres humanos.*



## ***Cuatro hermanas***

Jetta Carleton. Libros del Asteroide

*A través do relato cotián dunha familia provinciana de granxeiros na Norteamérica da primeira metade do século XX descubrimos as paixóns feroces que transitan nun mundo aparentemente pastoral. Única obra de Jetta Carleton, éxito de vendas no seu momento.*



## ***El cumpleaños secreto***

Kate Morton. Suma de Letras

*Unha adolescente é testemuña dun crime, iniciándose un drama familiar no que rexurdirán os segredos de mocidade da súa nai, que actualmente está gravemente enferma.*



## Culpa

Ferdinand Von Schirach.  
Salamandra

*Relatos inspirados nos casos reais aos que se enfrenta o autor na súa profesión como xurista. Importa máis a análise das motivacións criminais que as accións e os efectos causados, desde unha óptica afastada na que se revela unha dobre vertente, a de escritor e a de avogado, que restan todo indicio de fascinación ao feito criminal á vez que sorprenden pola súa economía de medios e un devastador sentido do humor.*



## O derradeiro libro de Emma Olsen

Berta Dávila. Galaxia

*Afectada por unha enfermidade terminal a escritora Emma Olsen decide empregar o pouco tempo que lle queda en escribir unha novela para revelarnos un segredo silenciado moito tempo. Premio Narrativa Breve de Repsol 2013.*

## El despertar de la señorita Prim

Natalia Sanmartin Fenollera. Planeta  
*Nun lugar onde o tempo parece terse detido, a señorita Prim é contratada para organizar a biblioteca do Home do Sillón. Un intenso relato metaliterario para os amantes dos libros e con múltiples referencias á cultura clásica e ás figuras máis importantes da literatura, pero tamén un relato sobre o amor e a amizade.*

## *Dióxenes en Dolorida*

Ignacio Vidal Portabales. Xerais  
*Narra o que lle acontece a un home que chega a unha cidade costeira, Dolorida, fuxindo das lembranzas dun fracaso amoroso. XXX Premio Blanco Amor de Novela.*

## *Dispara, yo ya estoy muerto*

Julia Navarro. Plaza & Janés  
*O conflito árabe-israelí visto a través das vivencias de dúas familias, unha árabe e outra xudía, ao longo dun século.*

## *La ecuación de la vida*

Yasmina Khadra. Destino  
*Novela de aventuras e ao mesmo tempo de suspense e intriga. Kurt Krausmann é un médico alemán que leva unha vida tranquila e feliz, ata que un drama familiar o leva á desesperación. Un amigo, invítalo a que o acompañe nunha misión humanitaria, pero, no transcurso desta viaxe, preto da costa somalí, o barco é asaltado por piratas... O autor intenta achegarnos a África, presentándonos as terribles situacións de guerra e pobreza, un continente de miseria e violencia, pero ao mesmo tempo cuns habitantes que teñen unha grande alegría de vivir.*





## *En la orilla*

Rafael Chirbes. Anagrama

*En torno á figura de Esteban, que se ve obrigado a pechar a carpintería da que é propietario e despedir aos seus empregados, Rafael Chirbes sitúa unha serie de personaxes que se moven nun escenario de crise económica.*

## *El enredo de la bolsa y la vida*

Eduardo Mendoza. Seix Barral

*Co sentido do humor e ironía que caracteriza as obras de Eduardo Mendoza e nesta época de crise, volve a presentarnos unha nova entrega das aventuras do seu detective sen nome, desta vez buscando a Rómulo el Guapo (compañeiro do manicomio) que desapareceu, e nesta busca atopan algo moi forte...*

## *En tiempos de luz menguante*

Eugen Ruge. Anagrama

*Unha familia alemá a través de tres xeracións conforma o tránsito do século XX ao XXI. Medio século de historia vivida da man deste autor con experiencia no mundo teatral e cinematográfico.*

## *Espiral de sombras*

Xavier Seoane. Faktoría K

*Fermoso poemario que nos fala dunha utopía incumprida. Está estruturado en tres partes: Corazón de maiola, Pan de raposo e Pedra da serpe.*

## La fórmula preferida del profesor

Yoko Ogawa. Funambulista

*Fermosa e emocionante novela sobre unha nai solteira que entra a traballar como asistente na casa dun vello profesor de matemáticas que perdeu a memoria nun accidente de coche.*

## La gran casa


Nicole Krauss. Salamandra

*Un vello escritorio que vai pasando por diferentes propietarios é a excusa da autora para falar dos sentimentos e os segredos dun grupo de persoas.*

## La grieta

Doris Lessing. Lumen

*Esta obra, unha das últimas desta autora, está escrita como se dunha fábula para adultos/as se tratase. Contada por un patricio romano que intenta explicar os inicios da vida na terra, nunha costa con rochas escarpadas onde viven femias capaces de procrear soas sen varón, fecundadas pola lúa. Estas primeiras mulleres habitantes das rochas se daban a luz un varón desfaciáanse del deixándoo morrer nos acantilados, pero as aguias salvaban a moitos e así aparece unha comunidade de homes nun bosque próximo que as mulleres rematan por atopar...*





## *Guía del autoestopista galáctico*

Douglas Adams. Anagrama  
*Unha serie de historias de humor e ciencia ficción creadas para un serial radiofónico por Douglas Adams e convertidas en novela en 1979. Enxeño, bo humor e historias extravagantes cuxo éxito deu lugar posteriormente a unha serie de televisión, un videoxogo e unha película.*



## *El héroe discreto*

Mario Vargas Llosa. Alfaguara  
*Coa mestría que xa nos ten acostumbrados este insigne escritor, narra a historia de dous homes: un empresario extorsionado e un exitoso home de negocios ao que os seus fillos quixeron velo morto.*



## **La hija del Este**

Clara Usón. Seix Barral.

*Mestura realidade e ficción, datos verídicos ao lado de rumores e conxecturas. Reflexiona sobre a manipulación política, ao mesmo tempo que nos presenta a relación entre un pai e a súa filla e nos achega aos terribles episodios da guerra da ex-Iugoslavia.*

*A protagonista é Ana Mladiæ, filla do xeneral serbio Ratko Mladiæ. En marzo de 1994, Ana Mladiæ suicídase ao regresar dunha viaxe a Moscú. Seu pai era para ela o único home en quen confiar e negábase a crer que fose certo o que oía, pensaba que eran mentiras inventadas para difamalo, pero cando comeza a comprender que é verdade, todo o seu mundo se vén abaixo.*

*Unha novela interesante sobre o conflito dos Balcanes e algunhas das causas da disgregación da antiga Iugoslavia. Premio da Crítica de Narrativa 2012.*

## **Hora zulú**

Santiago Lopo. Galaxia

*Novela de intriga estruturada en forma de cartas, informes psiquiátricos e fragmentos que levan ao desenlace final do que comeza cun ferido ao pé dun acantilado. Premio García Barros 2012.*



## *Inferno*

Dan Brown. Planeta

*O experto en simboloxía Robert Langdon, que xa protagonizou outras novelas do autor, descifra uns códigos que agochan segredos que sospeita poderían cambiar drasticamente a vida na Terra.*

## *El insólito peregrinaje de Harold Fry*

Rachel Joyce. Salamandra

*Harold Fry saíu da súa casa unha mañá para botar unha carta na caixa de correos e volveu oitenta e sete días máis tarde.*



## *Instrucciones para una ola de calor*

Maggie O'Farrell. Salamandra

*A intensa calor do verán de 1976 marca o comportamento e fai aflorar os segredos dos irlandeses Riordan, unha familia católica afincada en Londres que fica asustada e consternada pola inesperada desaparición do seu pai Robert, recentemente xubilado.*

## Intemperie

Jesús Carrasco. Seix Barral

*Narra a fuxida dun adolescente a través da España central, nun país castigado pola seca e gobernado pola violencia. Despois de beber e comer algo das provisionís que levaba no morral, no medio da noite púxose a camiñar, tratando de evitar os sendeiros. Indo cara ao norte afastábase do pobo, do alguacil e de seu pai. Nese camiñar atópase a un pastor que o acolle e o axudará...*

*O autor vainos preséntanos unha paisaxe seca, árida, sen auga e con moi poucas árbores, baixo un clima duro, caloroso, sufocante, no que ten que sobrevivir á intemperie, como ben nos indica o título. Un excelente e conmovedor relato, cunha linguaxe sobria, na que a presenza da natureza é fundamental.*

## La intrusa

Éric Faye. Salamandra

*Un home solitario e solteiro na cincuentena, descobre por medio dunha cámara que instalou na súa casa que unha muller habita no seu fogar e logrou non ser descuberta durante moito tempo. Premio da Academia Francesa 2010.*

## Kikujiro e Saki

Takeshi Kitano. Rinoceronte

*Libro autobiográfico no que o famoso cineasta xaponés fala das súas orixes familiares.*



## *El lenguaje de las flores*

Vanessa Diffenbaugh. Salamandra.  
*Victoria acaba de emanciparse ao cumprir 18 anos, é unha moza introvertida e antisocial, o seu único interese son as flores e o seu significado. Consegue un emprego nunha floraría onde, ao expresar os sentimentos dos clientes cos seus ramos de flores, tamén aprenderá a interpretar as súas propias emocións.*

## *Léon y Louise*

Alex Capus. Salamandra

*En 1918 Léon e Louise coñécense moi novos e vense separados polos acontecementos finais da Gran Guerra. Dez anos despois reencóntranse e aínda que as súas vidas cambiaron, o seu amor permanece. Unha novela de corte autobiográfico sobre o coñecemento do amor e os conceptos que o afianzan e fidelizan.*

## *Leonora*

Elena Poniatowska. Seix Barral

*Novela protagonizada pola pintora surrealista Leonora Carrington, amiga de Dalí, Picasso e Marx Ernst, co que ademais viviu unha apaixonada historia de amor.*

*Á autora, Elena Poniatowska, foille concedido o Premio Cervantes 2013.*



## **La lluvia antes de caer**

Jonathan Coe. Anagrama

*Novela difícil de enmarcar nun xénero específico, hai amor, retrato social dunha época, misterio e sobre todo moita paixón. Una estrutura sen fisuras, fresca, perfectamente escrita.*

## **A lúa da colleita**

Anxos Sumai. Galaxia

*A protagonista decide pasar as vacacións nun apartamento da Ría de Arousa, pero estraños sucesos farana dudar de si mesma. Premio García Barros 2013.*

## **Marcas de nacemento**

Nancy Huston. Rinoceronte

*A través dos relatos de catro nenos de diferentes épocas vaise tecendo a historia dunha familia, desde o presente, nos Estados Unidos, ata o pasado na Alemaña nazi.*

## **Matarte lentamente**

Diego Ameixeiras. Xerais

*A loita dos cidadáns afectados pola fraude das preferentes convertida en novela negra coa excelente escrita deste autor.*

## **A memoria da choiva**

Pedro Feijoo. Xerais

*Novela policíaca que transcorre en Santiago de Compostela, onde se desenvolve unha cadea de crimes en serie.*



## *Memoria de cidades sen luz*

Inma López Silva. Galaxia

*Estamos en Santiago de Compostela no ano 1928 e Marcel, un neno de 5 anos, ve o asasinato de súa nai e o seu irmán e o suicidio de seu pai. Este acontecemento marcarao para toda a súa vida. Lucía (unha muller rica, culta e librepensadora, amante na ficción de Ánxel Casal, que subvenciona a súa edición de libros, e amiga de Santiago Casares Quiroga) cóidao igual que se fose fillo dela.*

*A obra desenvolve cincuenta anos da vida do protagonista, por medio do relato en primeira persoa do propio Marcel. Como viven na Coruña ata o estoupido da Guerra Civil en que foxen para París, onde se establecen e cidade na que consegue traballar de actor. De aí viaxará a Bos Aires e a Nova York. Unha boa novela, cunha linguaxe áxil que engancha ao lector/a. Premio Blanco Amor 2007. XV Premio Arcebispo San Clemente. Premio á mellor obra de narrativa de AELG.*



## *Mi vida querida*

Alice Munro. Lumen

*Once relatos curtos protagonizados por xente corrente e escritos por Alice Munro, a quen lle foi concedido recentemente o Premio Nobel de Literatura.*

## ***Muerte en Estambul***

Petros Márkaris. Tusquets

*O comisario Kostas Jaritos e a súa muller viaxan de vacacións a Estambul onde lle sorprende un caso que ten por protagonista a unha anciá grega que se está vingando das humillacións sufridas durante anos deixando un rastro de cadáveres envelenados. A novela serve como achegamento ás diferenzas e similitudes entre certos aspectos das culturas e sociedades grega e turca.*

## ***La mujer que vivió un año en la cama***

Sue Townsend. Espasa

*Eva toma a decisión de permanecer deitada na súa cama durante un ano para meditar sobre a súa vida. Así vai descubríndose a si mesma a través non só da súa experiencia senón dos restantes personaxes que a rodean. Humor británico que torna en humor negro e aos poucos en drama.*

## ***Música de cámara***

Rosa Regàs. Seix Barral

*Unha historia de amor entre dúas persoas que pertencen a mundos diferentes en plena posguerra española. Premio Biblioteca Breve 2013.*





## **Nada**

Janne Teller. Seix Barral

*Comeza cando Pierre Anthon deixa o colexio porque descobre que nada nesta vida ten sentido, sóbese a unha ciroleira e berra desde alí as súas razóns para pensar que nada importa.*

## **Nada se opone a la noche**

Delphine de Vian. Anagrama

*A autora comeza a reconstruír a vida da súa nai tras o seu falecemento. Fotografías, conversas con quen a coñeceron, películas caseiras de vacacións, todo forma unha crónica familiar do París entre os anos 1950 e os primeiros do século XXI. Crises mentais, períodos de ánimo, relacións amorosas da nai, afectos e disputas conforman este texto que supuxo unha catarse para a propia escritora. Un exercicio de alto risco que non deixa indiferente a ninguén. Premiada en Francia en varias ocasións.*



## **El nombre del viento**

Patrick Rothfuss. Plaza & Janés

*Kvothe xa é unha lenda. As súas fazañas cántanse en cancións e cóntanse en tabernas e palacios, pero só el pode narrar a súa verdadeira historia.*

## **Pan, educación, libertad**

Petros Márkaris. Tusquets

*Un rico contratista de obras aparece asasinado. Xunto ao cadáver está o seu teléfono móbil e na pantalla aparece o lema «Pan, educación, libertad». Un novo caso para o comisario Kostas Jaritos.*



## **Un paraíso inalcanzable**

John Mortimer. Libros del Asteroide  
*Retrato dos profundos cambios políticos, sociais e dos costumes en Reino Unido, desde a posguerra ao thatcherismo.*

## **Perdida**

Gillian Flynn. Mondadori.

*Un matrimonio aparentemente perfecto, a desaparición da muller no seu aniversario de voda, a investigación policial, a loita por demostrar a inocencia e descubrir que o inimigo está na casa, son os ingredientes deste magnífico thriller psicolóxico.*

## **Presente continuo**

María Reimóndez. Xerais

*Poesías coas que María Reimóndez rememora a súa primeira viaxe á India en 1994, destino que marcaría o seu traballo na ONG Implicadas no Desenvolvemento, da que foi presidenta até hai uns meses.*

## **Rosa candida**

Audur Ava Ólafsdóttir. Alfaguara

*Un mozo irlandés sofre unha crise que o leva a abandonar o seu país para comezar unha viaxe física a un mosteiro no interior de Europa, a cal tamén será unha viaxe interior coas flores como ligazón coa nai xa falecida. Texto premiado a nivel europeo.*



## **El silencio**

Gaspar Hernández. El Aleph.

*Novela sobre a forza do pensamento e o descoñecemento que temos das nosas capacidades en situacións extremas. Premio Josep Pla 2009.*



## **O solpor da cupletista**

María Xosé Queizán. Xerais

*A protagonista deste libro é a Bela Otero, unha artista que saíu da Galicia máis humilde e acadou un soado éxito durante a Belle Époque nos escenarios europeos.*

## **Tantos cabaliños lindos**

Cormac McCarthy. Kalandraka

*Con dezaseis anos, John Grady, que vive nun rancho en California, decide fuxir da casa co seu mellor amigo e un par de cabalos, poñendo rumbo a México. Para eles e toda unha aventura.*



## **Una temporada para silbar**

Ivan Doig. Libros del Asteroide

*O cotián nunha comunidade rural do oeste norteamericano reflectido a través dos sentimentos íntimos e profundos de dous rapaces e a súa relación co seu mestre. Unha homenaxe a quen, nunhas condicións moi complicadas, asumiron a dura tarefa de formar a varias xeracións, ao mesmo tempo que tamén é unha elexía nostálgica á vida nun contorno no natural e preurbano.*

## **El testigo invisible**

Carmen Posadas. Planeta

*Os últimos anos dos Romanov contados desde o punto de vista dun traballador da familia imperial rusa. Intrahistoria de como vivía o tsar e a súa familia nos preámbulos da Revolución Rusa.*

## **El tiempo de los héroes**

Javier Reverte. Plaza & Janés

*O fin da guerra civil, contada polo xeneral Juan Modesto, quen lembra a súa infancia, a súa loita, a guerra, a preparación do exilio e o fin do conflito.*

## **Tinta**

Inma López Silva. Galaxia

*Relatos de temática moi diferente escritos e publicados durante os dez últimos anos e que agora aparecen agrupados neste volume.*

## **Todo OK**

Diego Ameixeiras. Xerais

*Narra a historia trágica de narcos e xentes atrapadas nun destino que non lles ofrece saída, metáfora da sociedade actual.*

## **Transmuta**

Xabier Cordal. Xerais

*Obra de poesía na que a morte da nai é o punto de partida, onde a intimidade e o silencio amoroso se fan palabra. Premio da Crítica de Galicia 2013.*





## *El último cortejo*


Laurent Gaudé. Salamandra

*Alejandro Magno, o gran conquistador macedonio, cae enfermo de gravidade e tócalle facer balance de todo o que deixa atrás.*

## *El último pasajero*

Manel Loureiro Doval. Planeta

*Un transatlántico de nome Valkirie aparece flotando nas augas do Océano Atlántico cun único tripulante, un bebé. Setenta anos despois un home de negocios decide comprar o barco para reproducir a súa última singradura e comprender que pasou realmente.*



## *Verano en English Creek*

Ivan Doig. Libros del Asteroide

*Un mozo vive esperando a chegada do verán para verse inmerso en todas as cálidas tradicións propias de Montana, nas terras aínda virxes da Norteamérica rural, sen saber que un ano despois todo cambiará para non volver ser nunca igual.*

## *La verdad sobre el caso Harry Quebert*

Jöel Dicker. Alfaguara

Marcus Goldman é un escritor famoso que tras o éxito da súa primeira e única novela, verase inmerso nunha crise da páxina en branco, sendo incapaz de escribir nin unha soa palabra da que ten que ser a súa segunda obra. Harry Quebert, antigo profesor de Marcus na universidade e tamén afamado escritor, verase atrapado nunha sórdida historia do asasinato dunha rapaza de 15 anos desaparecida en 1975. Un libro que cativa e sorprende o lector ata o final.

## *Versos del pluriverso*

Ernesto Cardenal. Trotta

Obra de poesía na que o autor presenta poemas sobre o universo e o cosmos, xunto con outros do home e a súa evolución.

## *La vida de las mujeres*

Alice Munro. Lumen

Nel Jordan invítanos a facer un percorrido pola súa infancia e adolescencia, alá polos anos corenta do século pasado.





### *50 faros de Galicia = 50 lighthouses of Galicia*

Javier Toba Blanco. Biblos Clube de Lectores

*Unha recompilación dos faros máis importantes de toda a costa galega, ilustrados coas acuarelas do autor.*

### *Las 100 ciudades más bellas del mundo*

Carmen Fernández. Libsa

*Selección das cidades máis belas de cada continente, con fotografías a toda cor de cada cidade e mapas que as sitúan no seu respectivo país, ademais dunha explicación da gastronomía, como moverse, clima...*



### *500 cogomelos do litoral atlántico e noroeste peninsular*

J. M. C. Marcote, M. Pose e J. M. Traba. Cumio

*Guía coas especies máis destacadas que temos en Galicia e algunhas de Asturias. Acompañan fotografías de cada un dos cogomelos descritos.*



### *Los amos del mundo: las armas del terrorismo financiero*

Vicenc Navarro e Juan Torres López. Espasa Libros

*Análise do poder da banca que leva consigo dobregar os gobernos e desprotexer a poboación fronte a eles.*

## ***Un ángel en mi mesa***

Janet Frame. Seix Barral

*Novela autobiográfica na que a escritora neozelandesa reconstrúe a súa propia vida. Recorre a traxectoria da escritora que viviu durante oito anos nun hospital psiquiátrico, diagnosticada erroneamente de esquizofrenia, precisamente a publicación e o premio que recibiu dun dos seus libros salvouna dunha lobectomía.*

## ***Anticáncer: una nueva forma de vida***

David Servan-Schreiber. Espasa


*A través da súa propia experiencia como enfermo dun tumor cerebral, o autor explica «unha nova forma de vida» baseada na potenciación das capacidades do corpo e da mente, sen prescindir nunca da medicina tradicional. Alimentación adecuada, exercicio físico e benestar psicolóxico reforzan as nosas defensas naturais, imprescindibles para afrontar esta enfermidade.*

## ***Aprende a tocar la guitarra eléctrica y acústica***

Nick Powlesland. Tikal

*Libro con 39 sesións para aprender a tocar a guitarra utilizando arranxos de grandes temas do rock e pop modernos.*





## *El atlas del viajero: una guía global de los lugares que tiene que visitar alguna vez en su vida*

John Man e Chris Schüller. Taschen  
*Recomendacións de lugares onde viaxar con consellos sobre os mellores momentos do ano para a visita, aloxamentos e demais datos de interese para o viaxeiro.*



## *A Catedral oculta. Os ritos dos peregrinos en Santiago*

Manuel F. Rodríguez. Bolanda  
*Esta guía axudaranos a coñecer de forma práctica, rigorosa e amena a Catedral de Santiago de Compostela, mostrándonos os seus percorridos polo interior e exterior e completando a información con personaxes, feitos, lendas, etc.*

## *Cociña galega para xente nova*

Adela Couto González. Cumio  
*95 receitas da cociña tradicional galega, onde se poderán atopar desde sopas e caldos ata sobremesas e consellos... e sobre todo unha forma de cociñar moi sinxela que evitará moitos atrancos na cociña.*



## *Cociñar con algas*

Eva Crespo Vázquez. Galaxia  
*80 receitas de cociña Atlántica sinxelas e saborosas para aprender a coñecer, valorar e desgustar as algas.*





## ***Cómo ser mujer***

Caitlin Moran. Anagrama

*Considerada unha xornalista especializada na cultura pop británica, Caitlin Moran ofrécenos unha mestura entre libro de memorias e manifesto feminista con grandes doses de ironía.*

## ***De Voces Ceibes a Milladoiro: unha memoria do movemento popular da canción galega 1973-1978***

Antón Seoane. Galaxia e PAI

*Repaso ás formacións musicais de finais do franquismo ata os primeiros anos do grupo Milladoiro. Análise das circunstancias sociopolíticas que se viviron na Galicia da década dos anos 70 e a súa repercusión na música galega. Acompañado dun CD coas cancións máis significativas desta época.*



## ***Domingos de calcetíns brancos. Retrato do cambio social na xeración de 1950***

Manuel Pérez Rúa. Galaxia

*Retrato dunha xeración que «protagonizou o cambio social na Galicia contemporánea». Un interesante estudo sociolóxico baseado nas voces de varias dúcias de protagonistas nados arredor de 1950. Foi Premio Ramón Piñeiro de Ensaio.*





## ***Elogio de la traición: el arte de gobernar por medio de la negación***

Denis Jeambar e Yves Roucaute.  
Gedisa

*Os autores defenden que o cumprimento das promesas políticas, realizadas en campaña electoral, son inherentes aos gobernantes.*




## ***Escritoras al frente: intelectuales extranjeras en la Guerra Civil***

Aránzazu Usandiaga. Nerea  
*Un estudo no que se propoñen novas hipótese sobre as causas polas que se mobilizaron tantos intelectuais estranxeiros, mulleres que nalgúns casos viñeron como enfermeiras ou axudantes sociais e aproveitaron para escribir sen parar.*

## ***Estilística da lingua galega***

Xosé Ramón Freixeiro Mato. Xerais  
*Análise da lingua literaria galega tanto culta como popular, en base a textos modernos e contemporáneos.*



## ***Grandes viajes: un recorrido por las rutas más espectaculares***

VVAA. GeoPlaneta  
*Ofrece 70 rutas ilustradas por fotografías que van desde rutas clásicas de todos os tempos, antigas rutas comerciais..., e todas con indicacións de como sería a viaxe hoxe en día.*



## ***Hay alternativas: propuestas para crear empleo y bienestar social en España***

Vicenc Navarro, Juan Torres López e Alberto Garzón Espinoza.  
Sequitur


*Con este libro os seus autores queren divulgar entre a cidadanía o que de verdade está a acontecer na nosa economía e divulgar as alternativas que ao seu entender existen ante esta aguda crise do capitalismo da que poderemos saír con máis emprego e benestar social.*

## ***Historia das mulleres en Galicia: época contemporánea***

Herminia Pernas Oroza. Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e Nigra Trea


*Describe o papel da muller en Galicia na Idade Contemporánea, tanto a nivel social como político e educacional.*

*Tamén hai os volumes de Prehistoria, Idade Media e Idade Moderna.*



## ***Historia da Música en Galicia***

Lorena López Cobas. Ouvirmos  
*Estudo sobre a música en Galicia desde as súas orixes ata a actualidade. Acompañado de reflexións da autora e dous CD con temas destacados.*



## **Historia de Galicia**

Anselmo López Carreira. Xerais  
*Achega a historia de Galicia desde o comezo dos tempos, explicando a razón de por que Galicia é unha nación e como temos que ver a súa historia desde ese punto de vista.*



## **Huerto urbano**

Philippe Asseray. Larousse  
*Axuda a preparar a nosa terraza ou balcón para que podamos ter un horto urbano. Todo o que hai que saber e as hortalizas e verduras máis adecuadas para plantar nestes lugares.*

## **El Islam y Occidente**

VVAA. Océano  
*Claves para entender o Islam cos seus costumes, arte, crenzas..., e como influíu na nosa civilización actual, a través da convivencia con este mundo durante a Idade Media.*

## **La lectura y la vida**

Emili Teixidor. Ariel  
*Antes de que existise o libro estaba xa a narración oral, o fomento da lectura está aí, desde as bibliotecas, os colexios, as familias e agora tamén desde Internet. Trátase dun traballo social que é necesario compartir para unir ideas e conseguir o obxectivo do hábito lector.*



## **La liebre con ojos de ámbar: una herencia oculta**

Edmund de Waal. Acantilado  
*A historia dunha familia na Europa dos  
séculos XIX e XX.*

## **Mares de Finisterrae**

VV.AA. Fundación Caixa Galicia e  
Lunwerg  
*Libro de fotografías onde Xurxo Lobato  
e Jorge Candán ofrecen unha visión  
impressionante do mar de Galicia.*

## **Navegación con mal tempo**


Peter Bruce e Adlar Coles. Juventud  
*Consellos e experiencias para a nave-  
gación con mal tempo.*

## **París insólito**

Jean - Paul Clebert. Fotografías  
Patrice Molinard. Seix Barral  
*Un paseo polas rúas de París dos  
primeiros anos cincuenta no que  
constitúe, segundo o autor «unha no-  
vela aleatoria». Xentes diversas, cafés,  
tendas de todo tipo, igrexas, etc. dando  
forma a unha paisaxe totalmente dis-  
tinta á dos turistas. Un libro distinto  
para lectores diferentes con magníficas  
fotografías.*

## **Phone Gap**

Thomas Myer. Anaya  
*Axuda a crear as nosas propias  
aplicacións para dispositivos iOS,  
Android, BlackBerry.*



## **Quiero ser membrillo**

Alba Cons. Grijalbo

*Práctica guía para prever e resolver os problemas lumbares máis comúns.*

## **Regatas: tácticas y estrategias**


Didier Ravon e Christian Dumard.  
Juventud

*Libro ilustrado con información para regatistas tanto veteranos como os que comezan neste deporte.*



## **A represión franquista na comarca da Coruña: vidas na memoria**

Proxecto Nomes e Voces. Laidvento  
*Vidas na memoria, escrito no marco do proxecto Nomes e Voces, recolle unha recensión de 595 vítimas do alzamento militar e das súas consecuencias, todas veciñas, nadas ou asasinadas na comarca coruñesa.*



## **Los Reyes Católicos**

Luis Suárez. Ariel

*Visión política do goberno dos Reis Católicos e do seu tempo.*

## ***La ridícula idea de no volver a verte***

Rosa Montero. Seix Barral

*Unha narración a medio camiño entre o recordo persoal e a memoria de todos. Tamén é unha homenaxe ás mulleres, que como Marie Curie, se confrontan ao seu contorno para levar adiante aquilo no que cren.*



## ***La ruta prohibida y otros enigmas de la historia***

Javier Sierra. Planeta

*Misterios da historia sen revelar, agora o autor achega as súas investigacións sobre eles.*

## ***El sabor de...Japón***

Jane Lawson. Everest

*Recetas tanto tradicionais como modernas feitas por unha experta en cociña xaponesa.*

## ***Salud para tu cerebro: un programa de prevención del alzhéimer***

Gary Small e Gigi Vorgan. Paidós

*Os autores, mediante evidencias científicas, ensinan como previr o Alzheimer, tanto con cambios nos hábitos de vida como desenvolvendo a memoria, facendo exercicio físico e reducindo o estrés.*



## **Steve Jobs**

Walter Isaacson. Debate

*Biografía de Steve Jobs, o creador de Apple.*



## **El sueño de Alicia: la vida y la ciencia se funden en la historia más emocionante**

Eduardo Punset. Destino

*O autor, a través de Alicia, amosa a importancia das emocións, a memoria e dálle unha explicación científica a como reaccionamos e aprendemos.*

## **Tan frescas: las nuevas mujeres mayores del siglo XXI**

Anna Freixas Farré. Paidós

*Historias vividas por mulleres que pertenceron a esa xeración do Rock & Roll e da loita pola igualdade e que hoxe teñen máis de 60 anos.*

*Nos primeiros capítulos trata reflexións sobre saúde, beleza, sexualidade e nos últimos relata historias vividas por mulleres que reflicten o modo que teñen de ver a vida e de vivila desde unha liberdade persoal que leva consigo unha satisfacción vital.*



## **Todo sobre o fútbol galego**

Carlos Freire Cordeiro. Xerais

*Información sobre o fútbol en Galicia. Con termos en orde alfabética, tanto de xogadores como de equipos.*



## ***La torre de la arrogancia. Políticas y mercados después de la tormenta***

Xosé Carlos Arias e Antón Costas.  
Ariel

*Unha reflexión crítica sobre a actual crise, os seus antecedentes e as posibles solucións.*



## ***Vento e chuva: Mitoloxía da antiga Gallaecia***

Manuel Gago. Ilustracións de Manel Cráneo. Xerais

*Esta magnífica obra introdúcenos na mitoloxía da Idade do Ferro na Gallaecia. A través de mitos e lendas podemos coñecer os deuses galaicos e recrearnos coas excelentes ilustracións.*



## ***Voces contra la globalización***

Carlos Estévez e Carlos Taibo, eds.  
Crítica


*Trata da corrupción no mundo actual, paraísos fiscais, pobreza e morte de millóns de persoas fronte ao enriquecemento doutros.*



## ***Wikipedia: inteligencia colectiva en la red***

Cristina Martínez. Profit

*Manual para usos de wikipedia: como utilízala, como podemos editar...*



## *Xeografía de Galicia*

M<sup>a</sup> José Piñeira Mantiñán e Xosé Manuel Santos Solla, coords. Xerais  
*Nova análise do territorio galego, as novas transformacións sociais, a globalización da pesca e todos os cambios que temos que ter en conta para entender a situación social e económica.*

## DVD PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS



### ***Black Adder***

Creada por Rowan Atkinson. Protagonizada por Rowan Atkinson, Stephen Fry e Hugh Laurie. Cameo Media

*Serie de televisión na que Rowan Atkinson (Mr. Bean) interpreta a un membro dunha dinastía presente en moitos períodos e lugares significativos da historia británica desde 1485 a 1917. A medida que avanzan as xeracións, Black Adder faise cada vez máis intelixente e perspicaz, mentres que o seu estatus social vai erosionándose constantemente.*

### ***Carlos el Chacal***

Dirixida por Oliver Assayas. Protagonizada por Edgar Ramírez, Fadi Abi Samra e Ahmad Kaabour. Cameo Media

*Serie de televisión e película sobre a figura do venezolano Ilich Ramírez Sánchez («O Chacal»), quen desde os anos 70 ata a súa detención en 1994 foi un dos homes máis buscados do planeta e traballou para os servizos secretos de calquera potencia de Oriente Medio.*



## *Declaración de guerra*

Dirixida por Valérie Donzelli. Protagonizada por Jérémie Elkaïm, Gabriel Elkaïm e Valérie Donzelli. Cameo Media

*Liberadora e intelixente comedia dramática sobre unha dobre historia de amor contra os elementos: a relación dunha parella mentres o seu fillo atravesaba unha grave enfermidade. Con notas autobiográficas, foi seleccionada no ano 2012 para representar a Francia nos Oscars.*



## *Eva*

Dirixida por Kike Maíllo. Protagonizada por Daniel Brühl, Marta Etura e Alberto Amman. Paramount Home Entertainment

*Os sentimentos son os grandes protagonistas da ópera prima do director español Kike Maíllo. Un tenro drama sobre un enxeñeiro que regresa á súa cidade natal coa idea de crear un robot idéntico a un neno de verdade. Á súa chegada deberá confrontar co seu pasado.*

## ***Fawlty Towers***

Creada por John Cleese. Protagonizada por John Cleese, Prunella Scales e Andrew Sachs. Cameo Media

*Clásico absoluto das comedias de situación británicas. Fawlty Towers emitiuse entre 1974 e 1979 e debe o seu éxito á delirante descrición do tolo hotel que rexenta o incompetente e arrogante Basil Fawlty, interpretado por John Cleese (Monty Phyton). Considerada unha das mellores comedias británicas de todos os tempos e obra de referencia para posteriores creacións. Imprescindible vela en versión orixinal subtitulada.*

## ***La guerra de los botones***

Dirixida por Christophe Barratier. Protagonizada por Guillaume Canet, Laetitia Casta e Kad Merad. Cameo Media

*Baseada na novela do mestre e escritor Louis Pergaud. Dúas formas enfrontadas de ver a guerra: a través das trasnadas infantís de dous grupos de rapaces de dous pobos permanentemente enfrontados e o drama dos adultos, os pais e nais na Francia ocupada polos alemáns durante a 2ª Guerra Mundial. A inocencia dos «xogos» infantís son a metáfora dos conflitos adultos, desprovistos da mesma e abocados á barbarie.*





## **Indomable**

Dirixida por Steven Soderbergh. Protagonizada por Gina Carano, Ewan McGregor e Antonio Banderas. Aurum

*Película de acción sobre as vinganzas e traizóns ás que se enfrenta unha fermosa e letal axente secreta. Filmada en cidades como Dublín, Mallorca, Barcelona, Novo México ou Nova York, atopamos nela frecuentes lembranzas ás películas de acción dos anos setenta e oitenta do século pasado, con escenas espectaculares que están entre o mellor rodado neste xénero na última década.*

## **Infierno blanco**

Dirixida por Joe Carnahan. Protagonizada por Liam Neeson, Dermot Mulroney e James Badge Dale. Savor

*Os superviventes dunha expedición de procura de petróleo en Alaska veranse acosados e perseguidos por unha voraz manada de lobos. Unha historia de supervivencia en condicións extremas na que o home se ve reducido á súa condición máis primaria, unha besta entre bestas e onde tamén se reflexiona entre o conflito sobre o home e a natureza.*

## ***Intocable***

Dirixida por Eric Toledano e Olivier Nakache. A Contracorriente

*Un aristócrata tetrapléxico contrata, como coidador a domicilio, a un inmigrante dun barrio marxinal, recentemente saído do cárcere. Aínda que, a primeira vista, non parece a persoa máis indicada, os dous acaban por lograr unha amizade sólida e divertida.*



## ***Los juegos del hambre***

Dirixida por Gary Ross. Protagonizada por Jennifer Lawrence, Josh Hutcherson e Woody Harrelson. Warner Bros.

*Nun futuro gris onde mans ditatoriais estenden a súa opresión cara aos sectores máis débiles, ten lugar un espectáculo televisado no que 24 mozos das zonas máis castigadas deben enfrontarse a vida ou morte, ata que só un quede con vida. Adaptación da primeira parte da triloxía de supervendas de Suzanne Collins e película chea de referencias a toda a tradición fílmica de ciencia ficción ata a data.*



### **Lacombe Lucien**

Dirixida por Louis Malle. Protagonizada por Pierre Blaise, Aurore Clément e Thérèse Giese. Avalon  
*Polémica obra presentada no seu día polo director galo na que se reflicte a vivencia dun adolescente dunha pequena vila durante a ocupación de Francia polas tropas nazis. O papel da Resistencia e o drama do colaboracionismo entre unha poboación amedrentada son analizados a través dun personaxe non exento de maldade banal, que se ve obrigado a cambiar de bandos exercendo a súa pequena dose de poder en relación aos seus concidadáns.*

### **Un método peligroso**

Dirixida por David Cronenberg. Protagonizada por Keira Knightley, Viggo Mortensen e Michael Fassbender. Universal Pictures International

*Atípico triángulo emocional e profesional entre o psiquiatra Carl Gustav Jung, o fundador do psicanálise Sigmund Freud e a paciente de ambos Sabina Spielrein, gobernado pola enfermidade psíquica, o sexo, o sadomasoquismo e ata o amor.*



## **Misión imposible (Colección 4 películas)**

Dirixidas por Brian DePalma, John Woo, J. J. Abrams e Brad Bird. Protagonizadas por Tom Cruise. Paramount Spain

*Unha das sagas de espías máis famosas de Hollywood, xunto coa James Bond e fai poucos anos coa saga Bourne. Ethan Hunt é un superespía capaz de resolver calquera arriscada situación coa máxima elegancia. De 1996 a 2011 emitíronse 4 películas protagonizadas exclusivamente por Tom Cruise. Boa acción, bos efectos especiais e boa montaxe.*



## **Tres veces 20 años**

Dirixida por Julie Gavras. Protagonizada por William Hurt e Isabella Rossellini. Cameo Media

*Cando e como comeza a vellez? Esa é a pregunta que se suscita nesta optimista comedia sobre a experiencia fronte á inmadurez, a proximidade da morte fronte á obsesión por unha perenne mocidade. Tenra, dinámica e vital, a relación entre Adam e Mary desenvólvese no medio desa crise persoal e social ante a que por unha banda trátase de negar o evidente, mentres que pola outra encárase e vívese con dignidade.*



## CD AUDIO PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS



### *The complete singles collection*

ABBA. Polydor

*Edición especial en dobre CD que inclúe todos os discos sinxelos editados polo cuarteto sueco ao longo da súa carreira. Unha máquina millonaria de facer pop multicolor, pioneira na conquista de audiencias non anglosaxonas, con máis de 300 millóns de discos vendidos en menos de 10 anos e unha influencia que persiste 30 anos despois da súa separación.*

### *Electronico*

Madredeus. EMI

*A música de Madredeus non se pode reducir a unha única definición. Ademais do seu clasicismo, unha preocupación por manterse actualizados provoca un achegamento radical á súa música etérea e melancólica. Remesturamos por expertos do chill out, o dance, o dub, o house ou o trip hop, os temas na voz sublime de Teresa Salgueiro cobran nova e contemporánea dimensión.*

## **O lobo morde a man**

Kin García. Audia

*Contrabaixista noiés cunha ampla traxectoria na escena jazzística galega. Kin García mostra a súa faceta dual de compositor e intérprete a través dunha sobria e elegante execución na que xentilmente deixa que o piano leve o protagonismo. Jazz sosegado que inclúe tamén concesións aos clásicos con versións de Bill Evans e Miles Davies.*



## **Ollos que falan. Rosalía de Castro**

Tempo catro. AS-PG

*Once poemas de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro musicados por Tempo catro, no que podemos gozar con distintos ritmos: vals, fado, salsa, xota...*

## **Pelléas et Mélisande, Dolly, Après un Rêve, Pavane, Elégie**

Gabriel Faure. Orquestra Sinfónica de Boston. Director: Seiji Ozawa. Deutsche Grammophon

*Peza musical de encargo para a obra do mesmo nome. «Pelléas...» é unha conmovedora creación de gran finura, que captura á perfección o carácter trágico da obra dramática. A linguaxe de Fauré é melódica e agradable, cunha combinación harmónica moi fluída e abundante en elegancia. Destacan tamén a graza e a lixeireza de «Dolly» e a solemnidade de «Pavane».*



## Piano concertos 1-3

Bela Bartók. Peter Donohe. Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham. Director: Simon Rattle. EMI Classics

*O pianista Peter Donohe abraza o neoclasicismo do concerto nº1 do compositor húngaro Bela Bartók con lixeireza de tacto, nunha acústica privilexiada. En troques, a dificultade interpretativa do segundo concerto – ironicamente unha das súas obras máis accesibles – atopa na orquestra un elemento de confrontación non menos gozable e que revela a grandeza dun dos grandes compositores do século XX.*

## Sidonie

Sidonie. Bip Bip Records

*Segundo disco deste trío catalán que explora diferentes camiños do pop de inspiración dos anos sesenta: ecos e instrumentacións hindús, harmonías vogais e melodías lánguidas sen esquecer unha base rítmica contemporánea, que chega a ser bailable por momentos.*



## Sin anestesia

Doctor Snob. El Taller

*Grupo coruñés formado en 1989 inicialmente baixo o nome de Los Náufragos que executa vehementemente e sen concesións un estilo rabioso emparentado coas bandas máis grandes do rock español das últimas décadas. Doutor Snob é unha aposta polo bo gusto, o compromiso musical e unha boa dose de guitarras eléctricas.*



## Tiempodespacio

Javier Álvarez. Dro East West

*Tempo de espazos musicais oníricos e á vez evocadores que ofrece este artista estremeño que xa nos anos noventa cantaba no Retiro madrileño. Revitalizador da canción de autor, na que obvia repetir fórmulas manidas, planta cara ao que ten en fronte cun estilo íntimo e, pese a todo, refrescante.*



## Tourist

St. Germain. Blue Note

*Saint Germain é o nome artístico que agocha o talento de Ludovic Navarre. Neste lendario álbum mestúranse bases e elementos de música electrónica con impecables arranxos ensamblados coa técnica do «sampling» e claramente orientados ao jazz. Todo iso aumentado polo contrapunto rítmico das poderosas liñas de baixo fai desta gravación un momento imprescindible da música de club de principios de século.*

## Tilt

The Lightning Seeds. Sony Music

*Proxecto do escritor, cantante e guitarrista Ian Broudie que basea as súas composicións, coidadas ata o extremo nos seus arranxos, no pop máis colorista e alegre dos anos 60, manufacturando vivaces melodías e sonoridades etéreas. Este disco supón un achegamento a ritmos máis bailables, con medios tempos arrebatadores e sensuais como «Sweet Soul Sensation», segundo sinxelo do álbum.*



## *The Very Best of Marvin Gaye*

Marvin Gaye. Motown

*Extensa recompilación da obra do «príncipe do soul», que cubre todas as súas etapas creativas, desde os seus inicios como solista vigoroso baixo as directrices da mítica casa de discos Motown, pasando polos seus famosos e sensuais duetos coas cantantes femininas do mesmo selo e a súa terceira e intimista etapa na que os ritmos envolven con suavidade e aínda maior sensualidade unhas letras de ton comprometido e preocupación social.*





**Concello de Oleiros**

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística

[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)



Bibliotecas Públicas  
Municipais

---

*Premio Nacional María Moliner 2011*

**CATÁLOGO DO FONDO  
BIBLIOGRÁFICO ▼**

---

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:  
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @bibloleiros